

Na defensa dos garranos por Europa



O alcalde de Baiona xunto coas integrantes de Solaina amosan o libro “A walk in Baiona”. | // FDV / **L. COSTAS**

Lucía Costas

[Baiona] 25 MAR 2023

A historia de Artai, un pequeno garrano da Serra da Groba que unha mañá esperta a carón dunha estraña árbore que ocupa o lugar do seu amigo Quer, o carballo que o arrolaba polas noites, é a que se conta no libro “A walk in Baiona”, ao longo do cal se narra como este cabalo salvaxe buscará pola costa de Baiona, xunto ao boi Breogán, quen o axude a salvalo.

Con esta obra o Concello de Baiona quere reforzar o seu compromiso ambiental e de defensa dos garranos. O proxecto do Safari Etolóxico dos Garranos posto en marcha na primavera de 2022 pola Concellería de Turismo de Baiona e a Asociación Finca Moreiras, no apartado de Cultura e Tradición ocupou unha das seis primeiras prazas do podio polo compromiso á sustentabilidade, respecto do medio ambiente e

promoción da cultura natural da vila na Feria Internacional de Turismo Börse de Berlín

“A walk in Baiona” é un libro infanto-xuvenil de 82 páxinas a cor. Conta con actividades ecuestres e medioambientais para xogar e aprender en familia, ademais dunha ruta descargable nun código QR cos textos e as ilustracións para realizar en 8 etapas o percorrido do conto.

O libro está escrito por Soledad García e Fran Fernández Davila, con tradución ao inglés deste último, ilustracións da pintora Laine Villero, maquetación da deseñadora Natalia Guisande e revisión lingüística por Pablo Fernández Bello.

Solaina

As tres afoutas mulleres forman Solaina, cualificada como a revolución artística do Val Miñor, pois dende que publicaron o seu primeiro libro “Dedas”, en outubro de 2021, non deixa de medrar e sorprender con novas obras que apostan pola cultura e a riqueza ambiental do Val de Miñor. A escritora Soledad García pensa que o libro servirá de exemplo para as vindeiras xeracións da importancia da herdanza que temos de contar cos garranos nos montes e as serras e a nosa obriga de axudar a súa protección.

O alcalde de Baiona, Carlos Gómez, explica que o Safari Etolóxico dos garranos e o libro “A walk in Baiona” serán instrumentos turísticos de gran valía para reforzar o compromiso ambiental de Baiona a nivel internacional e reforzar hábitos de vida saudables coas 8 rutas do libro que servirán de base para futuros proxectos na oficina de turismo en Semana Santa e períodos estivais.